



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO
DÍA 9 DE MAIO DE 2018**

ASISTENTES:

Presidenta:

María Ramallo Vázquez

Concelleiros/as presentes:

Manuel Santos Costa

M^a Antonia Sanmartín García

M^a. Cristina Acuña González

Antonio Traba Miñones

Pablo Novas Caballero

Francisco J. Estévez Salazar

M^a José de Pazo Allariz

Secretaria:

Paula Costas Romero.

Na Casa do Concello de Marín, ás 13:55 horas do día **9 de maio de 2018**, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, María Ramallo Vázquez, reúnense os/as concelleiros/as sinalados/as á marxe, co obxecto de celebrar **SESIÓN ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local, previamente convocada.

r
rectificacións.

2.- Contratación:

Expte.: 204/17 (B) EDUSI MARIN 2020 – CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN Ó LICITADOR PROPOSTO COMO ADXUDICATARIO, EN RELACIÓN Ó EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE “ASISTENCIA TÉCNICA PARA A IMPLEMENTACIÓN E EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO (EDUSI MARÍN 2020), COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL DA UNIÓN EUROPEA, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020”.

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 8 de novembro de 2017, aprobáronse o expediente de contratación administrativa e os pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e de prescricións técnicas (PPT) para adxudicar, mediante procedemento aberto, o contrato de prestación de servizos de “*Asistencia técnica para a implementación e execución da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI Marín 2020), cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea, no marco do programa operativo de crecemento sostible 2014-2020*”, autorizándose o gasto, por importe de 201.942,00 €, IVE excluído.

Durante o prazo de presentación de ofertas, recibíronse as seguintes:

- “*ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (EOSA)*”
- “*AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.*”
- “*INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L. (IDEL, S.L.)*”
- “*RED2RED CONSULTORES, S.L.*”
- “*IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.*”

O día 5 de marzo de 2018 constituíuse a Mesa de contratación e procedeu, en sesión non pública, á apertura e cualificación da documentación administrativa do sobre “A”, decidindo admitir á licitación ás cinco empresas que concorreron, ó comprobar que todas elas presentaran correctamente a documentación e declaración responsable conforme ó esixido na cláusula 18 do PCAP.

Dado que o Manual de Procedementos do Organismo Intermedio Lixeiro do Concello de Marín para a Estratexia EDUSI MARÍN 2020, esixe, como medida antifraude, que todas e cada unha das persoas



pertencentes ás distintas mesas de contratación que se leven a cabo no marco da Estratexia EDUSI MARÍN 2020, completen e asinen unha declaración de ausencia de conflito de intereses, incorporáronse, como anexo á acta, as declaracións de ausencia de conflito de intereses asinadas ó efecto por cada un dos membros da Mesa de contratación, nas que formularon manifestación expresa de non concorrer nos mesmos ningún conflito de interese que poida comprometer a súa imparcialidade e independencia durante o procedemento.

Na sesión da Mesa de contratación do día 9 de marzo de 2018 procedeuse ó acto público de apertura dos sobres B (*"Proposición técnica: criterios sometidos a xuízo de valor"*) das empresas concorrentes neste procedemento, co resultado que consta na acta de dita sesión.

Rematado o acto, a Mesa acordou enviar esta documentación ó persoal técnico provincial que forma parte da Mesa, para que, conforme ós criterios subxectivos establecidos no PCAP, efectuase a análise e emitise informe motivado de valoración, remitíndoo posteriormente á Mesa para o seu exame e aprobación.

Con data 19 de abril de 2018 emitíuse o correspondente informe técnico de valoración de criterios subxectivos, subscrito polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación cos Municipios da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Eugenio Marcote Carballo e o Técnico de Xestión do Servizo de Cooperación cos Municipios da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Marcos Areán González.

No citado informe conclúese o seguinte:

"...Tendo en conta o sinalado no apartado 19 dos PCAP, os licitadores que non acadan o limiar mínimo de puntuación, establecido en 20 puntos, non serán tidos en conta pola Mesa de contratación, polo que as empresas AUREN, con 17,25 puntos, e IDEL, con 11,00 puntos, non continuarán no procedemento de adxudicación.

En consecuencia, o cadro resumo de puntuacións obtidas polas empresas licitadoras que superan os 20 puntos de limiar mínimo queda como segue, por orde decrecente:

CRITERIOS	Máx	1ª EOSA	2ª RED2RED	3ª IDOM
1. CALIDADE TÉCNICA DA OFERTA	30,00	27,50	18,50	17,25
1.1. Calidade xeral e coherencia do proxecto e a súa adaptación ás circunstancias específicas da poboación de Marín e o seu territorio	10,00	9,00	4,50	6,25
1.2. Descrición das tarefas a realizar e tempo previsto para a súa execución	10,00	10,00	7,50	5,00
1.3. Organización interna e métodos de traballo do equipo	5,00	4,00	2,00	3,50
1.4. Calidade da proposta de accións de información e comunicación da EDUSI e de fomento da participación cidadá	5,00	4,50	4,50	2,50
2. CALIDADE DE LA METODOLOXÍA	10,00	8,00	5,00	6,00
2.1. Calidade da metodoloxía	10,00	8,00	5,00	6,00
PUNTUACIÓN TOTAL	40,00	35,50	23,50	23,25

En sesión celebrada 7 de maio de 2018, a Mesa de contratación aprobou o referido informe, quedando a valoración das ofertas conforme ós criterios sometidos a xuízo de valor como segue:



CRITERIOS SUXEITOS A XUÍZO DE VALOR	Máx	AUREN	RED2RED	IDOM	EOSA	IDEL
1. CALIDADE TÉCNICA DA OFERTA	30,00	11,25	18,50	17,25	27,50	9,00
1.1. Calidade xeral e coherencia do proxecto e a súa adaptación ás circunstancias específicas da poboación de Marín e o seu territorio	10,00	4,25	4,50	6,25	9,00	3,50
1.2. Descrición das tarefas a realizar e tempo previsto para a súa execución	10,00	2,00	7,50	5,00	10,00	3,00
1.3. Organización interna e métodos de traballo do equipo	5,00	2,00	2,00	3,50	4,00	1,50
1.4. Calidade da proposta de acción de información e comunicación da EDUSI e de fomento da participación cidadá	5,00	3,00	4,50	2,50	4,50	1,00
2. CALIDADE DA METODOLOXÍA	10,00	6,00	5,00	6,00	8,00	2,00
2.1. Calidade da metodoloxía	10,00	6,00	5,00	6,00	8,00	2,00
PUNTUACIÓN TOTAL	40,00	17,25	23,50	23,25	35,50	11,00

Segundo consta na acta da referida sesión, as empresas *AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.*, con 17,25 puntos, e *INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L. (IDEL, S.L.)*, con 11,00 puntos, quedaron excluídas da licitación por non acadar nos criterios sometidos a xuízo de valor o limiar mínimo de puntuación de 20 puntos esixidos no PCAP para continuar a licitación.

A continuación, xa en acto público, coa comparecencia do representante da empresa IDOM, a Secretaria da Mesa informou sobre a puntuación obtida nos criterios non avaliados mediante fórmulas. Seguidamente, procedeuse á apertura dos sobres C (*"Proposición económica: Criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas"*) dos licitadores admitidos e a desvelar o seu contido, dando como resultado o seguinte:

EMPRESAS	CRITERIOS AVALIADOS AUTOMATICAMENTE MEDIANTE FÓRMULAS	
	PREZO	MELLORA NO NÚMERO DE XORNADAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO.
EOSA	Sen IVE: 165.000,00 € IVE 34.650,00 € Total 199.650,00 €	2 xornadas adicionais de difusión do proxecto sobre o mínimo de 4 previstas no PPT.
RED2RED	Sen IVE: 149.146,80 € IVE: 31.320,83 € Total: 180.467,63 €	2 xornadas adicionais de difusión do proxecto sobre o mínimo de 4 previstas no PPT.
IDOM	Sen IVE: 154.000,00 € IVE 32.340,00 € Total 186.340,00 €	2 xornadas adicionais de difusión do proxecto sobre o mínimo de 4 previstas no PPT.
AUREN	Queda excluída da licitación por non acadar o limiar mínimo de puntos nos criterios subxectivos	
IDEL	Queda excluída da licitación por non acadar o limiar mínimo de puntos nos criterios subxectivos	

Finalizado o acto público, a Mesa procedeu á valoración das ofertas conforme ós criterios avaliados



automaticamente mediante fórmulas, co seguinte resultado:

EMPRESAS	PREZO	MELLORAS NO NÚMERO DE XORNADAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE C
ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (EOSA)	45,20	10	55,20
RED2RED CONSULTORES, S.L.	50,00	10	60,00
IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.	48,42	10	58,42

Sumadas as puntuacións resultantes da valoración dos sobres "B" (criterios cuxa ponderación depende dun suízo de valor) e "C" (criterios cuxa ponderación é automática), a puntuación total obtida polas empresas licitadoras foi a seguinte:

EMPRESA	CRITERIOS SUBXECTIVOS SOBRE B	CRITERIOS OBXECTIVOS SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (EOSA)	35,50	55,20	90,70
RED2RED CONSULTORES, S.L.	23,50	60,00	83,50
IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.	23,25	58,42	81,67
AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.	Queda excluída da licitación por non acadar o limiar mínimo de 20 puntos nos criterios subxectivos		
Innovación y Desarrollo Local, S.L. (IDEL, S.L.)	Queda excluída da licitación por non acadar o limiar mínimo de 20 puntos nos criterios subxectivos		

Na mesma sesión do día 7 de maio de 2018, a Mesa acordou propoñer á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, a adxudicación do contrato de servizos de "Asistencia técnica para a implementación e execución da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI Marín 2020), cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea, no marco do programa operativo de crecemento sostible 2014-2020", á empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (EOSA), con CIF A36196418, por ser a oferta máis beneficiosa para a Corporación, por un prezo de 199.655,00 euros, IVE engadido e unha duración de catro anos dende a data da súa formalización. Todo isto de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Á vista da proposta formulada pola Mesa de Contratación o día 7 de maio de 2018, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para esta contratación, en virtude da delegación conferida por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), de conformidade co art. 151.1 e 2 do TRLCSP, por unanimidade, **ACORDA**

PRIMEIRO: Excluír da licitación ás empresas AUREN CONSULTORES SP, S.L.P. e INNOVACIÓN Y DESARROLLO LOCAL, S.L. (IDEL, S.L.), por non acadar na valoración dos criterios sometidos a xuízo de valor o limiar mínimo de 20 puntos, esixido na cláusula 19 do prego de cláusulas administrativas particulares, conforme ó establecido no artigo 150.4 do TRLCSP.



SEGUNDO.- CLASIFICAR, por orden decrecente de puntuación, as tres proposicións admitidas e que non foron declaradas desproporcionadas ou anormais no procedemento de contratación do *SERVIZO DE "ASISTENCIA TÉCNICA PARA A IMPLEMENTACIÓN E EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO (EDUSI MARIN 2020) COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) DA UNIÓN EUROPEA, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020"*, atendendo ós criterios de adxudicación sinalados no prego, do seguinte modo:

EMPRESA	CRITERIOS SUBJECTIVOS SOBRE B	CRITERIOS OBXECTIVOS SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (EOSA)	35,50	55,20	90,70
RED2RED CONSULTORES, S.L.	23,50	60,00	83,50
IDOM CONSULTING, ENGINEERING ARCHITECTURE, S.A.U.	23,25	58,42	81,67

TERCEIRO: Identificar como oferta máis vantaxosa e formular proposta de adxudicación do contrato de SERVIZOS DE "ASISTENCIA TÉCNICA PARA A IMPLEMENTACIÓN E EXECUCIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO (EDUSI MARIN 2020) COFINANCIADA POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) DA UNIÓN EUROPEA, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020", a favor da empresa *ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (EOSA)*, con CIF A36196418, por ser a oferta máis beneficiosa para a Corporación ó obter a máxima puntuación de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego de conformidade coa **memoria explicativa da organización do servizo** e restantes condicións da súa oferta, presentada no Concello de Marín en data 22/12/2017 (R.E. n.º 16068), nos seguintes termos:

- **Prezo:** cento noventa e nove mil seiscientos cincuenta euros, (**199.650,00 €**) con **IVE**, desagregado nun importe neto de cento sesenta e cinco mil euros (165.000,00 €) e un **IVE** de trinta e catro mil seiscientos cincuenta euros (34.650,00 €)
- **Duración:** **4 anos** dende a data da formalización do contrato.
- Realización de **6 xornadas de difusión do proxecto**.

CUARTO: REQUIRIR o licitador clasificado en primeiro lugar, *ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A. (EOSA)*, cuxa oferta resultou a máis vantaxosa, para que presente, no prazo de **dez días hábiles**, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, a seguinte documentación (art. 151.2 TRLCSP):

1. Documentación acreditativa das condicións de aptitude, capacidade e solvencia, á data de finalización do prazo de presentación de proposicións. De conformidade co art. 146.5 TRLCSP o momento decisivo para apreciar o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia é o de finalización do prazo para presentar as proposicións, en consecuencia, **esta documentación deberá referirse ó momento de presentación da proposición.**

a) Documento acreditativo da personalidade xurídica e capacidade de obrar do empresario: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

Engadírse, así mesmo, copia das escrituras ou documentos de modificación dos anteriores.

- Fotocopia do DNI do seu representante, asinante da proposición e demais documentación.
- Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF) debidamente compulsada.

b) Documentos acreditativos da representación.

Poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre fronte á administración contratante.



Se a licitadora fose persoa xurídica, o poder xeral deberá figurar inscrito, no seu caso, no Rexistro Mercantil. Se se trata dun poder especial para un acto concreto non será necesario o requisito da súa previa inscrición no Rexistro Mercantil.

Bastanteo de poder: Os poderes ós que se refire o parágrafo anterior, deberán bastantearse previamente pola secretaria da Corporación ou funcionario/a habilitado/a.

Admitiranse os bastanteos de poderes efectuados polo avogado do Estado ou funcionarios de outras administracións públicas.

A achega da mera dilixencia de bastanteo do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste, sempre que tal dilixencia identifique perfectamente o representante, representado, escritura de apoderamento e que as facultades que se lle confiren son bastantes para o contrato, ou contratos, en cuestión.

A presentación do poder, ou da dilixencia de bastanteo do mesmo nos termos expostos, suporá, ós efectos do art. 1733 e concordantes do Código Civil, expresa declaración de non serlle revocado con data posterior.

Igualmente, a persoa con poder bastante a efectos da representación deberá acompañar copia compulsada, notarial ou administrativamente, do seu Documento Nacional de Identidade ou, no seu caso, o documento que faga a súa vez.

c) Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para contratar, axustada ó seguinte modelo:

D/D^a.....con DNI nº.....e domicilio en..... como..... (sinalar as facultades de representación: administrador/a único, apoderado/a.....) da empresa, e C.I.F. nº, á que represento no procedemento de adxudicación do contrato:....., no expediente nº

DECLARA:

Que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 e 146.1. c do TRLCSP.

En especial, declara non estar incurso a persoa física ou administradores da persoa xurídica, nin os seus cónxuxes ou persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva e descendentes, de conformidade co previsto no artigo 60 do TRLCSP, nos supostos previstos na lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas nin tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos na mesma e disposicións concordantes.

Así mesmo declara que está ó corrente do cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

(Lugar, data, sinatura e selo da empresa)

d) Solvencia económica e financeira.

Deberá acreditarse mediante a declaración do VOLUME ANUAL DE NEGOCIOS do licitador ou candidato, referido ó ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos, nos termos previstos nos artigos 75.1 a) do TRLCSP e 11.4 a) do RGLCSP.

O volume de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Requisitos mínimos de solvencia económica e financeira: Volume anual de negocios, que referido ó ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos deberá ser polo menos de 75.728,25 euros, equivalente a unha vez e media o valor anual medio do contrato.

e) Solvencia técnica ou profesional acreditarase mediante:

Unha relación dos principais servizos ou traballos, so mesmo tipo ou natureza, realizados nos últimos cinco anos, que inclúa importe, datas e destinatario, público ou privado, dos mesmos (art.78.1 a) do TRLCSP, en conexión co art. 11.4 b) do RGLCAP).



Os servizos ou traballos efectuados **acreditaranse mediante certificados** expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario. **Non será suficiente achegar a relación, contratos, acordos de adxudicación, facturas, etc. se non se axuntan os certificados de boa execución.**

Requisitos mínimos de solvencia técnica/profesional: Experiencia na realización de traballos do mesmo tipo ou natureza á que corresponde o obxecto do contrato e que o importe anual acumulado no ano de maior execución dos últimos cinco anos sexa igual ou superior a 50.485,50 euros, equivalente á anualidade media do contrato.

f) Xustificación de dispoñer dos medios persoais que se establecen na cláusula 4.1 do PPT, cuxa adscrición á execución do contrato se esixe de acordo co art. 64.2 do TRLCSP.

Os medios persoais mínimos de adscrición obrigatoria ó contrato son os fixados na **cláusula 4.1 do PPT.**

Identificarase nominalmente ás persoas adscritas e indicarse a súa titulación, anos de experiencia e *currículum vitae* xustificativo de ostentar a experiencia requirida, con relación detallada dos traballos realizados, así como das entidades ás que se presentaran os mesmos.

A experiencia deberá ser acreditada mediante certificados de "boa execución" emitidos polo órgano ou entidade correspondente, non sendo suficiente aportar contratos, facturas ou outros documentos se non se axuntan os sinalados certificados.

A xustificación do contido do traballo farase mediante algún ou algúns dos seguintes medios:

- Prego de prescricións técnicas do servizo.
- Términos de Referencia da Convocatoria ó Programa Europeo,
- Documento técnico acreditativo do contido dos servizos realizados, etc.

Tamén deberá acreditar que se encontran en posesión da titulación universitaria esixida.

A documentación do compromiso de adscrición de medios debe referirse en todo caso, ó momento en que se efectuou a oferta, de modo que non cabe para acreditar a solvencia acudir a compromisos futuros de cumprimento.

Esta adscrición terá o carácter de obrigación esencial, ós efectos do artigo 223 f) do TRLCSP (resolución contrato), sen prexuízo do devengo das penalidades que se prevén.

2. Documentación xustificativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

-**Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social**, conforme ós artigos 14 e 15 do RGLCAP, que acredite que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

-**Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria**, conforme ós artigos 13 e 15 do RGLCAP, que acredite que se atopa ó corrente do pago das súas obrigas tributarias.

-**Certificación positiva de non ter débeda algunha contraída coa Facenda do Concello de Marín.**

3. Documentación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas:

a tal efecto, presentarán o xustificante de estar dado de alta no imposto referido ó exercicio corrente, ou a copia da carta de pago do Imposto do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. No caso de estar exento deste imposto presentarán declaración xustificativa ó respecto.

4. Resgardo acreditativo da constitución da garantía definitiva por valor de 8.250,00 euros, equivalente ó 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TRLCSP.

A administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provintes de entidades, que se atopen en situación de demora fronte á administración contratante como consecuencia do impago de deberes derivados da incautación de anteriores avais ou seguros de caución e que mantivesen impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados



30 días naturais despois de recibirse na entidade o primeiro requirimento de pago. A estes efectos o contratista, antes de constituír o aval ou o seguro de caución, deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro fose rexeitado pola administración.

5. Documento acreditativo do pago de 847,20 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación.

QUINTO.- Notificar este acordo a todos os licitadores e publicalo no perfil do contratante da páxina web do Concello de Marín, facendo constar que, contra este acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación, previsto no artigo 151.1 e 2 do texto refundido da LCSP, por ser de trámite, non cabe interpoñer recurso ningún, se ben, os interesados poden alegar a súa oposición ó mesmo, para a súa consideración no acordo motivado de adxudicación do contrato, que será notificado oportunamente a todos os licitadores, con indicación dos recursos que contra o mesmo procedan.

3.- Rogos e preguntas.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

Sendo as 14:15 horas, e sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta procedeu a levantar a sesión, do que como secretaria dou fe.

Vº Bº,

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

A SECRETARIA XERAL

María Ramallo Vázquez.

Paula Costas Romero